


# CANTO FRATERNO

Sábado 25 maio. 19.00 h 

**Lugar:** Escalinata do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

**Presenta:** Manuel Abraldes Mougán, músico e director do Coro Encaixe, formación composta por 14 cantantes que proveñen de distintos xéneros musicais: soul, folque, rock, jazz, pop... O coro Encaixe foi gañador do concurso musical Oh Happy Day de propostas corais a nivel galego da TVG e premio Martín Códax da Música ao mellor proxecto de música vocal no 2018.



## CORO DO PSIQUIÁTRICO DE CONXO

O Coro do Psiquiátrico de Conxo leva cantando desde setembro de 2006, con doentes que veñen e van; polo que o grupo vaise renovando con bastante frecuencia. Normalmente consta dun total aproximado de 20 voces, femininas na súa maioría. O repertorio de referencia ten carácter popular.

Repertorio:

• **SE CHOVE.**

Autoría: popular/treixadura

• **PANDEIRADA DE NEBRA.**

Autoría: popular

• **MARIÑEIRO.**

Autoría: A. García Abril

• **LOUREIRO VERDE.**

Autoría: troulada

Director: **Ángel Casillas**

## CORO AMIGOS DO CASTIÑEIRIÑO

Este coro formouse dentro da Asociación Amigos do Castiñeiriño no ano 2005. Na actualidade o coro consta de 29 voces mixtas e a dirección coral está a cargo de Iolanda Eiras. Conta con moitas actuacións ao longo destes case vinte anos, sendo as últimas no Certame de Corais do Castiñeiriño, Banquete de Conxo, Cantos Corais da Ascensión e Panxoliñas do Nadal no Teatro Principal.

Repertorio:

• **A ROSALÍA.**

Autoría: letra de M. Curros Enríquez. Arranxo Coral de José A. Oliveira. Adaptación de José L. Blasco

• **A MORRIÑA.**

Autoría: versión 4 v.m. Salgado Valdés

• **A DORNIÑA.**

Autoría: Ángel Viro

Directora: **Iolanda Eiras**

## CORO SANTA SUSANA

A orixe deste grupo coral remóntase ao ano 1992 e aparece ligada á parroquia de Santa Susana de Santiago, da que tomou o nome. En 1994 comeza a súa andaina como grupo coral polifónico independente e amplía o seu repertorio abarcando tanto a música relixiosa como a profana de distintos estilos e sensibilidades. Neste momento compoñen o coro 24 voces mixtas e son dirixidas polo profesor Marcos Mato Collazo.

Repertorio:

• **O CUCO.**

Autoría: música de A. Paz Valverde. Letra de Manuel María

• **EL BAILE.**

Autoría: popular de Asturias. Arranxo de E. Cifré

• **BALAI.**

Autoría: popular do Brasil. Arranxo de Heitor Villalobos

Director: **Marcos Mato Collazo**

**CONXO** **FESTA DO BANQUETE**  
24, 25 e 26 MAIO 2024

+ info: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)



## CORO DE HABANERAS ROCHA FORTE

Este coro foi creado no ano 2013 pola asociación cultural do mesmo nome baixo a dirección de Sebastián Fernández Tapia. Na actualidade, o número dos seus compoñentes é de 34 voces mixtas, con apoio de algúns instrumentos de corda e vento.

O seu repertorio está composto fundamentalmente de cancións habaneras, populares galegas e internacionais.

Son numerosos os concertos nos que participou ao longo destes anos, como organizador e como convidado, e tamén é habitual a súa colaboración nos actos culturais da asociación.

Repertorio:

- **RECUERDOS DE IPACARAY.**

Autoría: Demetrio Ortiz.

- **MONTE VISO.**

Autoría: Carlos Rodríguez

- **LAMENTO BORICANO.**

Autoría: Rafael Hernández Marín

Director: **Sebastián Fernández Tapia**

## ORFEÓN TRADICIONAL DA COLEXIATA DO SAR

A Asociación Folclórica Colexiata de Sar fundouse no ano 1980 no barrio de Sar, co obxectivo fundamental de difundir a música e a cultura tradicional.

O Orfeón comezou a súa andaina no ano 2014 coa firme intención de recuperar unha das nosas tradicións populares, o canto tradicional, moi arraigado na nosa sociedade.

Logo dunha primeira etapa de preparación e posta en funcionamento desta nova sección da Asociación, desde o mes de outubro de 2019 o Orfeón está dirixido por María Xosé López Villar, compoñente do grupo *Muxicas* desde o ano 1987 até o 1997, onde se desenvolveu como gaiteira, zanfonista, cantante e compositora. É encargada da dirección artística do coro (voces, composicións e música).

Repertorio:

- **A RIANXEIRA.**

- **MUIÑEIRA DE SANTO AMARO.**

- **FOLIADA DE TENORIO.**

Directora: **María Xosé López Villar**

## GRUPO PENA MAIOR DE MARROZOS

A Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos nace no 1986 co obxectivo de traballar na defensa e posta en valor da cultura tradicional galega. Actualmente forman parte da asociación máis de 60 persoas, de idade comprendida entre os 3 e os 60 anos.

Esta asociación conta con diferentes seccións nas que se abordan as disciplinas de baile tradicional, canto, percusión, pandeireta, gaita e acordeón. Miudiños, Cantaruxeiros de Ardagán, Repeniqueiras, Son de Ferreña, Xoaniñas... son algúns dos alcumes que reciben os diferentes grupos da asociación.

Repertorio:

- **MANEO E MUIÑEIRA DE ANXERÍS.**

Autoría: popular

- **VALSE, XOTA, MUIÑEIRA E AGARRADO DE CAMARIÑAS.**

Autoría: popular

- **A REGUEIFA.**

Autoría: popular

Directora: **Ana Tejo**



## CORO CRECENTE DE VOCES GRAVES

A andaina desta formación comezou no barrio de Conxo en abril de 2019, por iniciativa de varios coristas que participaron na montaxe da ópera *La Traviata*, que se representou en Santiago e distintas cidades de Galicia. Na actualidade, o coro está formado por 21 voces masculinas, agrupadas en catro cordas, de afeccionados á música, e está dirixida por Francisco Xavier Freire Chico, empresario compostelán e músico apaixonado. Entre o seu variado repertorio destaca a música popular galega, habaneras, clásica e relixiosa. Durante este curto período de tempo interveu nun importante número de certames, concertos e actos litúrxicos e continúa traballando para preparar actuacións xa comprometidas para este e o próximo ano 2025, algunhas fóra da nosa terra.

Repertorio:

- **A MI "AÑORANSA".** Autoría: José Cerdán Sempere / Francisco Vallejos Albentosa

- **FISTERRA.** Autoría: popular galega. Arranxo de Francisco Tobar Cereijo

- **NEGRA SOMBRA.** Autoría: texto de Rosalía de Castro. Música de Juan Montes Capón

Director: **Francisco Xavier Freire Chico**